

Clube Marítimo
Deportivo e Cultural


BReOGAN

O GROVE • Nº 31- 4º TRIMESTRE 2013
EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN
Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93
e-mail: clubbreogán@comica.net
www.clubbreogán.com



Clase máximal de Xadrez

Liga Galega de Xadrez

Resumo 4º trimestre

Regatas O Grove 2013

Palistas Concentrados



**DEPORTE
GALEGO**

galicia



Resumo 4º trimestre 2013

O noso boletín completa o seu oitavo ano de vida con este nº 31 correspondente ao cuarto trimestre do ano 2013.

Neste último número do ano, a pesar de que actividade competitiva é practicamente nula, as nosas actividades seguen adiante e dan para presentar un boletín moi completo.

Iniciamos coa presentación da temporada de xadrez e de diversas actividades nas que estamos a colaborar e que se realizan da man de Cristobo Barral.

Coa volta ao equipo de Tono Campos, creamos, xunto con Diego Romero; un proxecto de C-2 enfocado á loita polos postos que darán dereito a asistir aos clasificatorios para Brasil 2016. Completamos dando conta dos outros padexeiros que temos concentrados:

Natalia e Laura García e Álvaro Bravo.

Damos conta das regatas a celebrar no Grove no 2014, que serán dúas e, xa se pode comprar a Lotería de Reis. Por outra banda seguimos a petar en moitas portas na procura de novos ingresos que nos axuden a manter as nosas actividades.

Un ano máis, participaremos na Cabalgata de Reis aportando unha carroza e pechamos o Boletín informando da Gala Galega de Piragüismo 2013.

E como non podía ser doutro xeito, chegadas estas datas queremos dar as GRAZAS a tod@s os que colaboran dalgunha forma a que Breogán siga navegando. En nome de tod@s os que formamos a familia de Breogán, desexámoslles un BO NADAL E PROSPERO ANINOVO.





Cabalgata de Reis

Un ano máis, Breogán colabora na Cabalgata de Reis coa confección dunha carroza elaborada polos membros da nosa entidade.

Un grupo de voluntari@s adicámonos, nos ratos libres, a decorar un remolque que será tirado por unha das nosas furgonetas, coa intención de facer felices aos nenos e nenas do noso municipio.

Este ano a decoración non ten un tema concreto, senón

máis ben, de carroza con adornos típicos das carrozas de nadal, que agardamos guste a pequenos e maiores. Por outro lado, tamén colaboramos coas carrozas “oficiais” que fan directamente os membros do grupo de traballo que fai as carrozas do Concello. Nós colaboramos no debuxo e pintado dos bonecos que decoran unha destas carrozas, e que este ano irá de superheroes.



Deputación Pontevedra



Clase maxistral de Xadrez

O domingo 24 de novembro celebrouse no Pabellón de Deportes Náuticos unha clase maxistral de xadrez, impartida por dous mestros deste deporte. Esta clase estivo aberta a todos os interesados e contou cunha importante asistencia de público, especialmente rapazada que se está a iniciar no xadrez. Foi organizada pola empresa de capital astur-grovense “Eurosa 2020 SL”, contando coa colaboración do CMDC Breogán.

A clase-charla foi impartida polo seleccionador uru-

guaio, Daniel Rivera (mestre internacional) e polo servio Aleksa Strikovic (gran mestre) que foi o último campión de xadrez da extinta Iugoslavia.

Os dous mestros foron presentados polo xogador e monitor de xadrez do Breogán, Heladio Outeiro, quen fixo unha breve reseña do xadrez antes de dar paso aos ilustres invitados.

Rivera e Strikovic, comentaron aos asistentes vivencias e anécdotas da súa andaina polas competicións de xadrez: grandes campionatos, olimpíadas, enfron-



tamentos con xogadores de renome etc...,

Deron unha explicación e realizaron unha partida, na que ían facendo preguntas sobre os posibles movementos a realizar aos rapaces e rapazas presentes, que ían pedindo quenda para as súas respostas.

Para rematar, fixeron varias xogadas rápidas de xaque mate, coa colaboración dos pequenos, comentando os organizadores da charla que esta non será a última deste tipo.

Cristobo B. Rubirosa, Director Técnico de Eurosa 2020 SL, comentou que se farán máis clases-charlas como esta. Así mesmo, esta empresa está a traballar na organización de diferentes eventos deportivos relacionados co mundo do xadrez, como un Open Internacional que se vai celebrar no Grove no mes de xuño do vindeiro ano e que contará coa colaboración do CMDC Breogán.

Programa de Alto Rendemento

Ao mesmo tempo, Cristobo B. Rubirosa, está a poñer en funcionamento un “programa de alto rendemento” no Grove para nenos e nenas de menos de 10 anos, no que tamén colaboran os dous mestres que acudiron a esta clase. Na actualidade son catro os rapaces que están a traballar con Cristobo e van a participar na competición galega como terceiro equipo do Breogán, o “Breogán C”.



”la Caixa”



Proxecto C-2 1.000 metros

O venres 7 de novembro, ofreciamos unha rolda de prensa no Pavillón de Deportes Náuticos para presentar o que denominamos “Proxecto C-2 1.000 m.”; proxecto que se pon en marcha grazas á volta a Breogán de Tono Campos e de poder contar cun padexeiro como Diego Romero. Entre ambos os dous forman o mellor C-2 do panorama piragüístico español do momento. Esta C-2 que, por circunstancias, se montou a mediados da temporada 2013, amosou moi boas formas e acadou importantes resultados a pesares do pouco tempo que tiveron para adestrar xuntos

e, a que a temporada non se planificara desamaneira.

Cara á temporada 2014, xa contabamos coa participación de Diego Romero no equipo e, coa re-incorporación de Tono Campos, creouse un C-2 que vai loitar por meterse na Final “A” do vindeiro Campionato do Mundo sobre a distancia olímpica

Campos e Romero forman o mellor C-2 nacional do momento

Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



de 1.000 m. Causa que ningún C-2 español foi quen de acadar dende a retirada de Fredi Bea e David Mascato.

O proxecto que se puxo sobre a mesa, conta coa inestimable colaboración de José Luis Otero Padín, quen fará as funcións de adestrador e de Quito Parada como preparador físico; ademais de contar co asesoramento doutros técnicos de nivel internacional.

Para levar adiante esta empresa, dende Breogán enviamos un convenio á Federación Galega de Piragüismo, quen xa se sumou ao proxecto e costeará o piso que utilizarán estes deportistas en Pontevedra, para poder adestrar en Verducido.

Así mesmo, cóntase coa aportación da Secretaría Xeral para o Deporte, xa que grazas á calificación dos dous deportistas como Deportista Galego de Alto Nivel (DGAN), poderán utilizar as instalacións do Centro Galego de Tecnificación Deportiva para o seu adestramento e manutención.

Dende a propia F.G.P. enviouse este convenio á Real Federación Española de Piragüismo para que se sume ao mesmo, facendo unha aportación económica que axude ao mantemento e a cubrir os gastos deste proxecto. De momento seguimos agardando a resposta.

Diego e Tono xa participaron este ano no Campionato do



Mundo de Pista sobre os 1.000 m., onde chegaron á Final “B” e ocuparon o quinto posto. Así mesmo participaron xuntos no Campionato do Mundo de Maratón onde acadaron o Subcampionato do Mundo en C-2.

José Luis Otero Padín, foi du-




rante anos adestrador do Breogán e tamén estivo no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra. Quito Parada é Licenciado en INEF, adestrador do Rasoerio B.M., e Técnico Deportivo da Concellaría de Deportes.



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL



Palistas concentrados

Ademais dos xa mencionados Diego Romero e Tono Campos, o Breogán conta de cara á vindeira temporada, con outros padexeir@s concentrados en distintos grupos de adestramento.

As irmás Natalia e Laura García Naveiro están concentradas en Pontevedra dentro do grupo de mulleres sub 23 que auspicia a Federación Galega de Piragüismo. Para Natalia é o seu segundo ano na categoría senior mentres que Laura sube a esta categoría esta tempora-

da. Os seus principais obxectivos serán estar presente co equipo español que acuda aos campionatos internacionais da categoría Sub 23. Ambas as dúas estiveron presentes no 2013 no Campionato de Europa de Pista Sub 23. Natalia formou parte do K-4 muller Sub 23 chegando ata as semifinais, mentres que Laura no seu último ano de xuvenil, participou nesa categoría formando parte do K-2 e do K-4, chegando á final nas dúas embarcacións.

Tamén está concentrado o kaiakista senior Álvaro Bravo. Despois de varios anos en Madrid na Residencia Blume, este ano atópase adestrando co grupo de kaiakistas senior en Tui, tamén grazas á colaboración da Federación Galega de Piragüismo.

Álvaro tratará de volver a meterse no K-4 de 1.000 m. que representa a España no Campionato do Mundo, despois de que este ano se quedase fóra do mesmo por moi pouco.

ELESMA
INSTALACIONES

Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com

Regatas de Piragüismo no Grove

No 2014 o municipio do Grove acollerá dúas regatas oficiais de piragüismo. Ambas as dúas formarán o “XXVIII Trofeo Concello do Grove de Piragüismo”.

O sábado día 17 de maio celebrarase a “XI Travesía da Toxa” para categorías absoluta e preabsoluta. Nela poderán participar padexeir@s cadetes, xuvenís e senior.

Nesta ocasión cambiaremos de piraguas xa que nos últimos anos eran K-2 e C-2 e, para esta vez pa-

rasemos a piraguas máis longas: os C-4 e K-4. O motivo non é outro que buscar así unha regata con maior vistosidade.

Esta regata será puntuable para a Liga Galega de Ríos e Travesías, sendo de Grupo 1, as de maior nivel que se disputan en Galicia.

Para o domingo 18 de maio, deixamos a regata na que participarán os máis cativos do piragüismo, e dicir, os padexeir@s das categorías alevíns e benxamíns. Esta regata disputarase en piraguas individuais

K-1, sendo puntuable para a liga destas categorías.

Estas dúas regatas celébranse grazas ao patrocinio da Concellaría de Deportes, poñéndose en disputa o “XXVIII Trofeo Concello do Grove de Piragüismo”, que se levará o club que mellor puntuación teña despois de sumar os resultados das dúas regatas.

Tamén agardamos contar coas colaboracións dos últimos anos, especialmente das empresas da illa da Toxa.



HABITAT

Decoración

Liga Galega de Xadrez



Na Liga Galega de Xadrez o Breogán terá tres equipos en competición: o Breogán “A”, que xogará no Grupo B da Primeira División, (onde xogarán os principais xogadores da entidade); O Breogán “B”, que participará no Grupo F de Terceira División (no que participarán xogadores menos habituais e algún dos alumn@s da escola de xadrez que adestran con Heladio Outeiro) e o Breogán “C”, que tomará parte no Grupo “A” de Cuarta División, (onde xogarán rapaces e rapazas que adestran con Cristobal B. Rubirosa).

A liga dará comenzo o día once de xaneiro, cos equipos “A” e “B” xogando a domicilio e o equipo “C”, tendo xornada de descanso por ser un número impar de equipos nos seu grupo.

O Breogán “A” está nun grupo formado por doce equipos: Safa “A”, Xadrez Nemenzo, Mercantil de Riveira, Club Karpov, USC Xuvenil, CXF Casada Xuventude, CXF Baños Print, Marquiño, Academia Enot-Caballo de Troya, Torpedo Gallaecia e Xadrez Gallaecia.

No grupo do Breogán “B” están encadrados dez equipos: CXF Deportes Rodas, CXF Distribuciones Lete, CXF A Goleta, Escuela Xadrez Bretema, Viajes Barraña “C”, EXP Zona Informática, EXP Promesas, Padrón “C” e Hostal Miramar.





PRIMEIRA DIVISIÓN – GRUPO B

Data	Enfrontamento
11/01	Mercantil de Riveira – BREGÁN “A”
18/01	BREGÁN “A” – Club Karpov
25/01	CXF Casa da Xuventude – BREGÁN “A”
01/02	BREGÁN “A” - Marquiño
08/02	Torpero Gallaecia – BREGÁN “A”
15/02	BREGÁN “A” – Xadrez Gallaecia
22/02	A. Enot Caballo de Troya – BREGÁN “A”
08/03	BREGÁN “A”- CXF Baños Print
15/03	USC Xuvenil – BREGÁN “A”
22/03	Xadrez Nemenzo – BREGÁN “A”
29/03	BREGÁN “A” – Safa “A”



TERCEIRA DIVISIÓN – GRUPO F

Data	Enfrontamento
11/01	CXF A Goleta – BREGÁN “B”
18/01	BREGÁN “B” – Escuela Xadrez Bretema
25/01	EXP Zona Informática – BREGÁN “B”
01/02	BREGÁN “B” – Padrón “C”
08/02	Hostal Miramar – BREGÁN “B”
15/02	BREGÁN “B” – EXP Promesas
22/02	Viajes Barraña “C” – BREGÁN “B”
08/03	CXF Distruciones Lete - BREGÁN “B”
15/03	BREGÁN “B” – CXF Deportes Rodas

Sete serán os equipos do grupo do Breogán “C”: CXF Cafetería Lembranza, CXF Cafetería D’Pie, CXF Viajes Otero, Xadrez Albariño, EXP Limpezas San Vicente e EXP Casino Mercantil e Industrial de Pontevedra.

A continuación os cadros cos enfrontamentos e as datas de celebración dos grupos dos nosos tres equipos:

CUARTA DIVISIÓN – GRUPO A

Data	Enfrontamento
11/01	BREGÁN “C” decansa
18/01	BREGÁN “C” – CXF Caf. Lembranza
25/01	CXF Viajes Otero – BREGÁN “C”
01/02	BREGÁN “C” – EXP Limp. San Vicente
08/02	Casino Mercantil Pontevedra – BREGÁN “C”
15/02	BREGÁN “C” – Xadrez Albariño
22/02	CXF Caf. D’Pie – BREGÁN “C”



VICTOR OTERO PROL

ARRAG
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz (ili)

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

**Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión**

O Corgo, 59 bajo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



Gala Galega de Piragüismo

Osábado día 23 de novembro celebrouse a Gala do Piragüismo Galego, que tivo como escenario o Salón de Actos do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra. Nesta Gala, ademais dos gañadores dos trofeos correspondentes ás ligas e outras competicións do ano 2013, tamén se fixo unha homenaxe aos deportistas galegos que neste ano acudiron a regatas internacionais formando parte da selección española. Un total

de 43 padexeir@s galegos formaron parte dos equipos españois que competiron en Campionatos do Mundo, Campionatos de Europa, Xogos do Mediterráneo, etc...

Entre estes 43 deportistas galegos, tres pertencen ao Breogán do Grove: Diego Romero e as irmás Natalia e Laura García. Tamén recibiu esta homenaxe o novo padexeiro do noso equipo, Tono Campos.

Entre os galardóns que outorga a Xun-

ta Directiva da F.G.P., atopábase o que recibiu Diego Romero como **MELLOR PROMESA MASCULINA**.

Sen esquecernos da nosa "veciña" Teresa Portela, quen un ano máis foi galardoada como **MELLOR DEPORTISTAS FEMININA**.

En canto aos trofeos das diferentes ligas, Breogán recibiu o de **CAMPIÓN da VI LIGA GALEGA DE ALEVÍNS E BENXAMÍNS**, trofeo recollido pola adestradora Rut Otero.



C/ Sineiro, 20 - A Bajo | 36980 O Grove (Pontevedra) • Tel. 986 73 23 36 | Fax. 986 73 39 64

www.viabustravel.es